

abaixo e á esquerda
está o corazón

Altermundo

GALICIA HOXE | DOMINGO, 19 | XUÑO 2011

COMO EN XÉNOVA 2001, REMATOU A SIMPATÍA

Dez anos despois das grandes mobilizacións dos movementos antiglobalización, a loita chegou ao Norte de África e a Europa. A criminalización e a represión da indignación popular volven ao primeiro plano




MANOEL SANTOS
Director de
Altermundo

Pódese dicir, que o chamado movemento altermundista, no que converxen dende hai aproximadamente dúas décadas un gran número de organizacións, redes e movementos sociais de resistencia,

primeiro contra a fase neoliberal da globalización capitalista e hoxe xa abertamente contra o capitalismo, nace como resultado das loitas contra a débeda e os programas de axustamento estrutural impostos polos terribes xemelgos -FMI e Banco Mundial- na década de 1980, especialmente en América Latina.

No entanto, é a partir da caída do Muro de Berlín en 1989 e da consagración da hexemonía da Tríade -Estados Unidos, xunto á Unión Europea e Xapón- cando toma realmente forma de movemento de contestación internacional, marcadamente antisistémico, e comeza a pasar dun período de simple e obrigada resistencia a outro de autoorganización e enfrontamento directo contra os grandes actores da globalización, especialmente as institucións financeiras internacionais, como o FMI, a OMC, o Banco Mundial e a OTAN; os clubs de países ricos, como o G7 e G8, a OCDE e a propia Unión Europea; e as empresas transnacionais e as galaxias financeiras.

É a etapa da efervescencia dos movementos antiglobalización, que estoupa en 1999 en Seattle, onde fai fracasar o cumio do milenio da OMC, ou se cadra uns anos antes en Chiapas, como resultado do levantamento zapatista (1994) e a loita contra o Tratado de Libre Comercio de América do Norte (TLCAN ou NAFTA, 1996), e se expresa con enorme contundencia a principios deste século, con algunha que outra vitoria nas rúas e sen dúbida cunha enorme vitoria moral, que mudou o ambiente ideolóxico do planeta e espiu definitivamente as prácticas de



Xénova, xullo de 2001. A represión dos carabinieri convertiu as rúas nun campo de batalla, ou de guerra

predadoras do sistema. A listaxe de mobilizacións planetarias é ben longa. Destacaron a de Wáshington, en abril de 2000, fronte a xuntanza dos terribes xemelgos; Praga en setembro dese ano, onde se abortou unha nova reunión do FMI-Banco Mundial; Québec en abril de 2001, por mor do Cumio das Américas e contra a Área de Libre Comercio de las Américas (ALCA); Gotemburgo a mediados de xuño de 2001, onde a policía abriu fogo real e se produciu o primeiro ferido de bala desta onda mundial de indignación; Barcelona no mesmo mes, onde se obriga a cancelar unha xuntanza de traballo do Banco Mundial; Salzburgo, onde se estende a práctica de suspender o Tratado de Schenguen para conter as protestas, e especialmente Xénova en xullo dese mesmo ano, en resposta a unha xuntanza do G8.

A de Xénova foi a meirande manifestación antiglobalización até a data, pois concentrou en diferentes días a máis de medio millón de activistas de todo o mundo. E tamén marcou un antes e un despois nestas loitas. En primeiro lugar porque

os “amos do mundo” tomaron a decisión, grazas á inestimábel colaboración dun primeiro ministro recién chegado, Silvio Berlusconi, de cortar de raíz o crecente movemento de protesta, criminalizándoo e reprimíndoo cruelmente. Semanas antes, o 19 de xuño, a Unión Europea decidía crear o corpo de soldados da antiglobalización. O que nun inicio resultara simpático, especialmente para os medios de comunicación, que acolleron entusiasmados algunha das expresións do movemento, como o Foro Social Mundial de Porto Alegre en xaneiro, mudara nun problema de primeira orde para o poder. E actuaron en consecuencia.

Os antiglobalización experimentaron en Xénova, coma nunca antes, até onde son quen de chegar os nosos gobernos pseudodemocráticos. Avións-caza, barcos de guerra, mísiles e forzas de elite foron despregadas por toda a rexión. Un mozo activista, Carlo Giuliani, era asasinado dun disparo na cabeza por un carabinieri “novo e nervioso”, segundo a sentenza que o absolveu anos despois. Asemade, a policía cargou con

moita violencia por toda a cidade para manter a salvo a Zona Vermella, un grande espazo público usurpado á poboación, que foi comparado cunha fortaleza medieval do século XXI e que protexía a xuntanza dos poderosos. Contáronse centos de feridos. E non houbo pudor. Na noite do 21 de xullo os carabinieri asaltaron a sede dos medios de comunicación independentes, a escola Díaz do barrio de Albaro, provocando un cento de feridos. Sete anos máis tarde 15 policías, de 45 acusados, foron condenados por abusos de autoridade, violencia, ultraxes e torturas.

Unha segunda decisión foi a de afastar definitivamente este tipo de cumios das cidades e o doado acceso aos manifestantes, de xeito que en 2002 o G8 decidía reunirse en Kananaskis, nas montañas canadianas. Pouco antes, os atentados do 11 de setembro serviron para estender a identificación de toda disidencia contra o sistema económico mundial co terrorismo. O movemento entraría nunha nova fase, moi centrada nos foros sociais mundiais e con algúns repiques, como a mani-

festación contra a guerra de febreiro de 2003, que disque sacou uns 60 millóns de persoas ás rúas de todo o mundo, ou a resposta ao cumio da OMC de Cancún en setembro, no que o surcoreano Lee Kung Hae decidía suicidarse publicamente en sinal de protesta pola situación dos labregos do mundo.

Do 19 a 24 de xullo próximos acontecerá o cumio Xénova 2011-Xénova 2001 (genova2011.wordpress.com), pois “repensar, recuperar e ampliar aquel espírito de Xénova que marcou a toda unha xeración, pode axudar, non a mirar atrás, ao que hoxe xa é historia, senón a mirar cara adiante, ao futuro que todos temos a responsabilidade de construír”, afirman dende a organización do evento.

Ao cabo, aqueles manifestantes só dicían que a relixión do mercado traería máis inxustizas, máis explotación e máis violencia ao mundo. Dez anos despois o movemento non morreu. E confirmouse que levaba a razón. O 15M –que novamente, como en Xénova, está a perder a simpatía dos medios e da “clase política” para entrar nunha fase de represión e criminalización– ou as rebelións árabes, non son máis ca novas expresións das mesmas loitas, enmarcadas nunha outra fase do altermundismo no seu sentido máis amplo, mais cun novo panorama de crise sistémica global que teiman, coma sempre, en tornar en crise social. Porén, a diferenza de hai 10 anos, a batalla real xa non se libra só en América Latina ou no sueste de Asia, senón que se espallou ao norte de África e á Unión Europea. Se no primeiro caso un posíbel triunfo da primavera árabe –por agora contida grazas a Gadafi e a intervención militar da OTAN– e os seus procesos de emancipación mudarían radicalmente os polos xeopolíticos planetarios e farían perigar a hexemonía de “occidente”, especialmente polos problemas de acceso aos combustíbeis fósiles; no segundo pode significar, sen dúbida, o principio da fin dun sistema esgotado e inservíbel que se está a devorar a si mesmo. ●



CARA ONDE VAI O FORO SOCIAL MUNDIAL?

Reunidos en París, a finais do pasado maio, os representantes das organizacións membros do Consello Internacional do Foro Social Mundial (FSM) reflexionaron sobre o futuro do proceso nun novo contexto marcado polo desenvolvemento dos movementos populares nos países árabes



PIERRE BEAUDET
Profesor de socioloxía da Universidade de Ottawa (Canadá). Co-fundador de Alternatives International e do Consello Internacional do Foro Social Mundial

Actuar no epicentro da crise

Desde hai xa varios anos, estanse producindo no Maghreb e no Machrek diferentes movementos populares co fin de elaborar novas estratexias. Situados de forma constante baixo as ameazas de réximes, ben sexan ditaduras corruptas, ben sexan pseudo-democracias—as “democraturas” tal e como as nomeara o malgrado Abraham Serfati—, estes movementos tamén sofren o asalto de correntes reaccionarias que actúan baixo o amparo da relixión. Como ben sinalan os nosos camaradas marroquinos, tunisianos e exipcios, cada situación é singular, caracterizada por configuracións políticas, sociais, e culturais específicas. As achegas de Kamal Labhib, de Gustave Masiah e de Samir Amin, principalmente, permitíronnos comprender mellor a súa complexidade e os desafíos que conlevan para os movementos populares baixo un enfoque de longa duración.

Intervención necesaria

Mentras tanto, para as organizacións sociais do mundo enteiro, a prioridade é resistir as diversas ofensivas imperialistas que procuran o afortalamiento securitario desta parte do mundo con respecto ás estratexias xeopolíticas e xeoconómicas dos dominadores. O desmembramento actual de Libia, que se engade aos de Palestina, Iraq, Afganistán, Sudán e outros países do “arco das crises” inscribese nun obxectivo de “xestión de crise” cuxo fin é impedir calquera cambio real e verdadeiro. Para as partes integrantes do FSM isto incide na necesidade de prestar a nosa atención a esta situación e de amosar a nosa solidariedade. Do mesmo xeito, require enfrentarse coas clases dominantes nos países onde se localizan estes movementos, e finalmente, apoiar o duro labor de construción das redes iniciada polo Foro Maghreb-Machrek e unha miríade de organizacións na rexión desde hai algúns anos. En función de todo isto, pódese agardar que un FSM en Tunisia ou no Cairo no ano 2013 teña un efecto realmente mobilizador, de forma máis ou menos análoga a como sucedeu cos primeiros FSM en América latina.

Repensar o proceso do Foro

Sabémolo desde hai cando menos tres anos: no FSM prodúcese un debate para reforzar o proceso do FSM. Ao longo da primeira década do século XXI, o FSM



marcou os inicios do movemento popular, sobretudo en América latina. As “extensións” do FSM en Asia, en África e en Europa tiveron tamén diversos aspectos positivos. Non obstante, está claro que a fórmula dos macro-encontros, quen de visibilizar o movemento popular, debe ser relanzada. Ademais, o último Foro de Dakar demostrou a vitalidade dun certo número de innovacións. Pensamos, nomeadamente, nos espazos de elaboración estratéxica para movementos e redes que vaian máis aló das diagnoses da crise e que orixinen hipóteses estratéxicas. Exploracións semellantes requiren de moita preparación, mediante investigacións, consultas e diálogos cruzados entre varios movementos. O proceso implica máis un labor de longa duración que a organización dunha ou máis conferencias logo do Foro. As organizacións e redes que camiñen nesta dirección nos vindeiros anos producirán valor engadido ao Foro Social Mundial.

Voltar ao local

Por definición, a importancia do FSM radicou precisamente en facer visible a mundialización dos movementos a través da elaboración dunha plataforma de discusións e, polo tanto, de problemáticas comúns. Hoxe, se este obxectivo é válido en varias partes do mundo, onde o proceso do FSM está aínda abrollando, é menos prioritario para varios dos movementos, sobre todo en América Latina e en Europa, se ben é preciso aínda diferenciar o que separa a experiencia duns países a outros. Non obstante, despréndese unha certa tendencia a querer enraizar o Foro no eido local, rexional, véxase municipal, onde a converxencia dos movementos pode ter un impacto inmediato. Estes foros locais teñen tamén a vantaxe de centrarse nun número determinado de temáticas, as que, precisamente, corresponden a prioridades locais. Este aspecto facilitaría a tarefa dos movementos que queiran ir no sendeiro da elaboración de estratexias.

Reorganización necesaria

De saída, o FSM non se concibiu como unha “conferencia” ou un “acontecemento”, antes ben, foi no como un proceso que facilita a acumulación de experiencias útiles para os movementos populares na súa resistencia contra o neoliberalismo e na elaboración de alternativas. É certo que a importancia de organizar grandes encontros era evidente nesta primeira fase, pero non debemos facer diso un principio absoluto. Cómpre considerar tamén os intereses diverxentes que se expresan a este respecto no foro e que implican aos movementos altermundistas, aos sindicatos, ás ONG’s, ás redes feministas, labregas, ecoloxistas, etc. O principio da pluralidade e dos diálogos cruzados debe permanecer no primeiro plano. Central é tamén a idea de que estes diálogos cruzados deben “desembocar”, isto é, os diálogos deben permitir un mellor artellamento das prácticas coa axuda das elaboracións teóricas, integrándose deste xeito ás diferentes culturas políticas

e ás estratexias postuladas polos movementos populares.

Repensar os recursos

O tema dos recursos lígase a este debate. O FSM emana dos movementos sociais, non é un “proxecto” proposto a fundacións liberais, e menos aínda a Estados, quizais “acolledores”, pero cuxos obxectivos son contrarios aos dos movementos. Un FSM que respira e aclara as contradicións. Por exemplo, o FSM debe integrar a dimensión ecolóxica na liña da xigantesca batalla mundial pola Pachamama, contradictorio cunha dependencia financeira con respecto aos que preconizan o “desenvolvemento” a través das enerxías fósiles. Unha vez dito isto, cómpre que as organizacións sociais asuman a organización e financiamento do FSM. É totalmente realizábel, tal e como o amosaron os camaradas estadounidenses coa organización do Foro USA o verán pasado en Detroit. Neste sentido, as propostas do comité sobre os recursos do comité internacional permitiron identificar varias pistas prometedoras para avanzar na autonomía do FSM neste plano.

O FSM dos vindeiros dez anos

É moi probable que o proceso do FSM sexa relanzado e afortalado en función dos indicios evocados máis arriba. En certo modo, o liderado debe renovarse e debe pasar o testigo a unha nova “xeración”. Os brasileiros e outros movementos latinoamericanos, que tanto deron, saben de forma intuitiva que esta “cesión” é necesaria incluso se as súas redes deben seguir sendo activas no Foro, sen ter o mesmo peso e sen desenvolver o papel central destes últimos anos. Esta transición ten que realizarse por etapas ao mesmo tempo que se tecen as redes nas diferentes rexións. Mentres, novas iniciativas están xurdindo un pouco en todas partes para construír no seo dos movementos populares novos “colectivos”, na tradición de Gramsci e de Bourdieu, “colectivos” enraizados nos movementos, quen de desenvolver os saberes inscritos nos movementos, e de elaborar estratexias que permitan artellar verdadeiras ferramentas contra-hegemónicas. ●

•INFO: Tradución de Xabier Ron (Consello Editorial de Altermundo). O orixinal, en francés: www.cetri.be/spip.php?article2214&lang=fr



E ITALIA DIXO NON A BERLUSCONI



MAURO
SANTAYANA
Xornalista

A derrota de Berlusconi, na recente consulta plebiscitaria, a pesar da crecente impopularidade do primeiro ministro, trouxo dúas sorpresas. A primeira delas foi a constatación de que, superando o nivel constitucional do 50 por cento, validou a consulta, e a segunda, a derrota das decisións do goberno pola inédita maioría do 95 por cento de media, nas catro cuestións propostas. Como se sabe, hai 16 anos que non se obtiña o quórum mínimo para anular unha lei ou decisión governamental.

Aínda que, dende o ollar da actualidade política, a masacrante vitoria da oposición sexa a de non á inmuniade –ou mellor, non á impunidade– de Berlusconi e dos seus ministros, os outros puntos da consulta golpean profundamente os postulados do neoliberalismo, sobre os que Ber-

probabelmente estranxeiras, da mesma forma que se manifestou contra a enerxía nuclear.

Aínda que perdesse, por dúas veces, a dirección do goberno cara a esquerda, é innegábel que a vida política italiana se desenvolveu, desde 1964, cando o poderoso e sospeitosísimo empresario gañou a súa primeira elección, en torno a Berlusconi. Non se discutían os proxectos de goberno, nin os fundamentos ideolóxicos da esquerda. A vida política oscilaba entre os berlusconianos e a esquerda. E Berlusconi administraba os intereses mafiosos do sur cos altos intereses empresariais do Norte, reunidos en torno á Lega Lombarda, de inspiración separatista e neofascista.

O populismo é unha vella doenza italiana, e ten as súas raíces na vella república romana. Foi intelixente o expe-

A DERROTA DE SILVIO BERLUSCONI É UNHA GRANDE OPORTUNIDADE PARA QUE OS DEMÓCRATAS DE ESQUERDA ATOPEN POR FIN UN PROXECTO COMÚN DE PODER

lusconi estableceu o seu poder. O pobo dixo non á acelerada privatización da auga, pechando o paso á ampliada explotación dos recursos hídricos polas sociedades capitalistas, algunhas delas

diente dos patricios, o de permitir o xurdimento de movementos desa natureza, a fin de servir de alivio ao inconformismo das masas –até certo punto. Houbo, no entanto, tanto á esquerda como



á dereita, movementos dalgunha densidade, vencidos ben polas armas, ben pola reacción do propio pobo. O fascismo de Mussolini foi un deses movementos, máis serio polas condicións históricas que favorecían o ascenso da dereita, e tamén pola formación intelectual e ideolóxica do duce, fillo dun traballador socialista e dalgunhas letras, que lle deu o nome de Benito en homenaxe a Juárez, o revolucionario mexicano. Juárez morrera once anos antes do nacemento do líder italiano. É inmensa a distancia entre Mussolini e Berlusconi, o que dá a razón a Marx: as cousas acontecen primeiro como traxedia e, máis tarde, como farsa. Aínda que para Croce, Mussolini non pasou dun “pallaso”,

a quen o rei entregara o poder, o duce era discreto no seu comportamento persoal e estaba protexido polo sistema totalitario, que preservaba a súa privacidade.

A derrota de Berlusconi é unha oportunidade para que os demócratas de esquerda atopen un proxecto común de poder. Deben partir da dura realidade de que non foi o comportamento perverso de Berlusconi o que promoveu a súa caída de popularidade e, probabelmente, o substrata do goberno de aquí a unha semana. O seu desprestixio é resultante da espantosa situación económica do país, que, á súa vez, débese ao neoliberalismo que está en dramática decadencia en todos os países que o inventaron e nos cales os gober-

nos que o sustentaron, dos Estados Unidos a Grecia, pasando pola Francia de Sarkozy, a España de Aznar e Zapatero, a Italia do astuto Berlusconi.

Italia e os seus veciños só terán estabilidade política se avanza nas reformas, algunhas delas sinalizadas polo recente referendo. Unha esmagadora maioría dos italianos optou por máis estado e menos mercado, por máis empregos e menos lucros das empresas privadas. Mais a esquerda, no noso tempo, ten actuado como se o seu camiño ao poder teña que pasar necesariamente pola dereita. ●

•INFO: www.maurosantayana.com

CONSUMO SUSTENTÁBEL, CONTRADICIÓNS



DARIO
CALDAS
Sociólogo.
Director do
Observatório
de Sinais (São
Paulo, Brasil)

O consumo sustentábel é un universo de actitudes e prácticas en plena construción, que vai alterar definitivamente os estilos de vida das sociedades do século XXI. Como todo o que está en formación, ese campo está sendo atravesado, no presente, por unha serie de contradicións, comezando pola contradición de termos que a propia expresión encerra.

Na segunda metade do século XX, a idea de consumir cada vez máis produtos que duraban cada vez menos pareceunos case inevitábel, “natural”. Do consumo, deslizámonos para o consumismo, que tornou nunha especie de constante na ecuación do estilo de vida occidental. O longo período de prosperidade mundial do final dos anos 1990 até 2008 alimentou fenómenos como o boom internacional da industria do luxo, o sistema “fast fashion”, que democratizou a moda, a invasión de obxectos de “design para todos”, todo baixo o protagonismo do factor China, que transformou o mundo nun enorme camelódromo.

Foi no momento en que inmensos continxentes de novos consumidores penetraban na antesala do consumo no que o mundo se decatou de que ese ritmo sería imposíbel de sustentar. Velaí unha outra contradición do presente, que restablece, no ilusorio “mundo plano” global, liñas divisorias de velocidades de consumo entre países ricos e en crise, dispostos a desacelerar, e emerxentes pisando a fondo o acelerador do consumo, felices porque, por fin, “chegou a nosa quenda” –na que pese a deconstrución en curso da asociación entre consumo e felicidade.

Reinvención

Aínda así, ou se cadra por iso mesmo, o espírito do tempo é inequívoco no referente ao desexo xeneralizado de repensar e reinventar un estado de cousas que, definitivamente, rexeitamos como herdanza e como legado.

Do lado dos consumidores, aínda que a ecosensibilidade se difunda rapidamente por todas as capas sociais, a súa transformación en prácticas concretas

acontece con velocidade directamente proporcional aos intereses cotiáns individuais. Nese sentido, aquelas ligadas ao lixo e á auga son as máis sensíbeis.

A miúdo, o individuo satópase diante dunha negociación

NA SEGUNDA METADE DO SÉCULO XX, A IDEA DE CONSUMIR CADA VEZ MÁIS PRODUTOS QUE DURABAN CADA VEZ MENOS TEMPO PARECEUNOS CASE INEVITÁBEL, PARECEUNOS CASE “NATURAL”

consigo mesmo, na posición de ter que se desprender de hábitos arraigados hai décadas, en función doutros valores, lexitimados socialmente, e que por iso fan presión. Nese proceso, nin todo lle parece necesario, xusto ou suficientemente atraente para ter que mudar a súa actitude.

O prezo aínda máis alto, a eventual falta de design de produtos ecosensíbeis ou a adopción de hábitos que beneficien o me-

dio ambiente en detrimento do benestar individual continuarán representando barreiras para a súa difusión xunto á maioría.

A forza da lei vai acelerar a mudanza nalguns casos, como acaba de acontecer co desterro

das bolsas plásticas en São Paulo, aínda que pairan dúbidas sobre quen se vai lucrar máis coa mudanza, para unha parcela importante de consumidores críticos.

Do lado das empresas, o que comezou para a maioría como “marketing verde” evoluiu cara a necesidade de se posicionar firmemente nun territorio agora entendido como inevitábel.

As prácticas chamadas de “green washing” –ou maquillaxe

verde, en tradución libre– pasaran a ser inadmisíbeis. O consumidor esixente beneficiase, alén doutras cousas, das implacábeis ferramentas de transparencia, crítica e cobranza en que se transformaron os novos medios de comunicación.

As empresas só lles resta o camiño da planificación e do investimento a longo prazo para se adecuar ás novas esixencias, que continúan a se multiplicar, sexa no nivel técnico da produción e do descarte, no nivel social e das condicións de traballo ou no eido dos propios valores expresados polos produtos.

Non esta de máis observar que o consumo sustentábel segue agora o mesmo percorrido doutras tendencias: nun primeiro intre, foi “chick”; despois, difundíuse máis e virou “cool”; e agora, chega a estrada da normalización e da normatización, para acadar, alí adiante, o status de nada alén do que é necesario, unha parte integrante da vida de cada un. ●

GRAP: www.grap.org.br



DENDE O CONSELLO EDITORIAL

XERAIS 2012. OBXECTIVO: DEMOCRACIA

Fago o seguinte chamamento aos partidos de esquerda transformadora de todo o Estado Español, aos seus militantes e aos seus dirixentes, para que estean á altura e consideren moi seriamente a seguinte proposta.

Isto NON é democracia

Dado que neste Estado non gozamos dunha Democracia real, auténtica –é dicir, dun goberno do pobo–, o primeiro deber dos partidos políticos que se consideren democratas consiste en lograr a instauración dunha verdadeira Democracia. Xa que logo, considero que deben renunciar a seguir xogando nesta falsa democracia, coas cartas marcadas polos poderes que realmente a controlan –e que non son o pobo– no van intento de lograr maiorías transformadoras imposíbeis en institucións falsamente representativas, loitando desigualmente en contendas electorais dominadas pola influencia mediática dos poderosos. Deben renunciar a participar nesta tiranía electiva que chaman democracia, a ser tiranos benévolo que gobernen ao pobo, para ser verdadeiros democratas, obedientes servos da vontade popular.

A proposta G12:0:D

Deberían renunciar a presentar candidaturas con programas propios nas xerais previstas para 2012 –se cadra finais de 2011– e pasar a formar unha revolución Fronte pola Democracia, para lograr a transición, a evolución do sistema actual a unha forma de democracia real, verdadeira, que devolva a soberanía ao pobo. Para iso existen ao meu entender dúas vías:

• A vía que propón Democracia Directa Dixital (D3): introducir a demo-

cracia directa nas institucións representativas mediante un antipartido político sen programa cuxos electos limitaríanse a votar no Parlamento español aquilo que os cidadáns decidan en cada intre, principalmente mediante Internet.

• Acordar un programa de mínimos para a instauración da Demo-



cracia, que podería basearse en puntos como os que propón Democracia Real Xa ou outros máis centrados na decisión cidadá en todas as cuestións fundamentais da política do Estado: reforma constitucional realizada polos cidadáns, como en Islandia; reforma da lexislación pertinente para por baixo control directo cidadán os medios de comunicación públicos, algo clave para a determinación informada e verdadeiramente libre da vontade popular; revisión de todos os tratados internacionais que impliquen perda de soberanía desde 1975, incluíndo o euro e todas as políticas da UE, para sometelos a aprobación en referendo, etc.

Entendo que a primeira vía é a que ten un maior potencial, pero tamén comprendo que é a que máis difícil de asumir lles vai resultar aos partidos tradicionais. Creio que ambas merecen ser consideradas.

Os votos que sumarían todas as forzas minoritarias e transformadoras do Estado, desde EU ao Partido Antitouradas, pasando por todos os partidos ecoloxistas, Esquerda Anticapita-

lista, e até forzas anarcosindicalistas que habitualmente promoven o rexeitamento ás eleccións, poderían supor un gran número de escanos, aproveitando ao seu favor as características da deficiente e inxusta Lei d'Hont.

Até, se se inclúe na opción 2 un punto programático para recoñecer o dereito de autodeterminación de todos os territorios do Estado que o demanden, poderían sumarse votos de Bildu, BNG, ERC e outras forzas soberanistas das nacións sen Estado.

Unha aposta á altura do momento histórico

Van seguir xogando con cartas marcadas os nosos partidos de esquerda ou se plantarán berrando “Xa abonda de farsas!”? Farán posíbel a creación dunha Democracia Real ou seguirán tentando tomar o mando dunha falsa democracia?

As eleccións xerais españolas de 2012 porán a proba o carácter verdadeiramente democrático destas forzas, a súa altura de miras, o seu valor e xenerosidade para renunciar a gobernar cos seus programas para simplemente devolver a soberanía ao pobo e a partir de aí xogar con regras novas, regras limpas e democráticas, para ofertar as súas solucións políticas en igualdade de condicións. Recoñezo que a mudanza de cultura política que implica esta proposta frontista é enorme, mais tamén o son os retos, e o risco de catástrofe social e política á que nos enfrontamos se non reaccionamos ante a deriva das nosas sociedades, que se dirixen ao colapso social, ambiental, enerxético... civilizatorio. A grandes males, grandes remedios. Ante a crise do sistema, un sistema novo. ● [Manuel Casal Lodeiro, 14/06/11]

Regards.fr

www.regards.fr

Hai que saír do euro?

A saída do euro é evocada por algunhas correntes de esquerda como un medio de rachar coa Europa neoliberal e de conseguir marxes de manobra para unha política diferente.



[...] Pero o proxecto de saída do euro apóiase nunha ilusión e un esquecemento. A ilusión é que a depreciación permitiría a un país estimular o seu crecemento. [...] Politicamente, esta vía desemboca nunha guerra comercial aberta en Europa e non define un proxecto cooperativo. Pero o esquecemento maior trata sobre a débeda pública. Está expedida en euros ou en dólares, e aumentaría en proporción á depreciación, que tería igualmente por efecto facer máis caras as importacións.

[...] A alternativa á saída do euro non está fundada nunha confianza inxenua nas virtudes do libre cambio e non supón unha espera anxelical dunha “boa” Europa. Consiste en tomar medidas que vaian no sentido da transformación social. Por exemplo, empregos estábeis, salarios decentes, a extensión da protección social e dos servizos públicos máis que das puncións financeiras, as desigualdades e a regresión social. Trátase pois de medidas proteccionistas, pero sabendo o que se protexe. En canto á saída do euro, non hai que excluila, pero sería absurdo anunciarla por adiantado e queimar de entrada ese cartucho. O fondo da cuestión trata en realidade sobre a natureza do proxecto de sociedade: máis crecemento grazas á depreciación ou ben un desenvolvemento fundado noutra repartición das rendas? ● [“Sortir de l'euro?”. Michel Husson, 9/06/11]

ESQUERDA.NET

www.esquerda.net

A violencia social da Troika

En Portugal, a violencia social da axenda da troika e do goberno Coello/Portas terá resposta nas rúas. Construír e ampliar esa resposta a tantos indignados sen experiencia de organización social é a principal tarefa da esquerda tras a derrota nas lexislativas. [...] A Acampada de Lisboa, que xurdiu en solidariedade cos indignados da Porta do Sol e permaneceu no Rossio dúas semanas, foi un espazo de participación para centos de persoas, herdeiro do 12 de Marzo que trouxo á tona da sociedade o sentimento de divorcio entre cidadáns e políticos do poder. A Iniciativa Lexislativa de Cidadáns contra a precariedade e os falsos recibos verdes será a primeira iniciativa para recoller as 35 mil sinaturas que obrigan á súa discusión e votación na Asemblea da República. E para confrontar a maioría absoluta da dereita coa voz das rúas do país. ● [“Indignados”. Luís Branco, 16/06/11]



CADTM: www.cadtm.org

INTERNATIONAL MONETARY FUND



O FMI non foi, non é, nin será nunca útil

[...] Esta semana moitos cronistas presentaron un resumo benévolo da actuación de DSK no FMI. [...] *Le Monde*, cun artigo titulado “Dominique Strauss-Kahn deixa un FMI útil de novo”. [...] se observamos as condicións de vida dos máis desfavorecidos, cuxa mellora debería guiar calquera política digna deste nome, non é posíbel afirmar que o FMI “é útil de novo”. Pola contra, cómpre combatalo, disólvelo e substituílo por unha institución democrática e centrada en garantir os dereitos fundamentais... ● [“Un FMI ‘redevenu utile’, mais pour qui?”. Jérôme Duval, Damien Millet, Eric Toussaint, 5/06/11]

CARTA MAIOR: www.igadi.org

TEACHER DUDE'S BLOG



Grecia en loita, terceira folga xeral do ano

[...] 150 mil “indignados” reuníronse na praza Syntagma, ao pé do Parlamento. Acampados aí dende hai tres semanas, tentaron cercar o parlamento. A policía colocou 1500 axentes na rúa e unha barreira de vehículos na entrada, con barricadas de 2 metros para permitir o acceso dos deputados e impedirlo á multitude. [...] “Imos continuar a traballar sobre Grecia nunha xuntanza do Eurogrupo en Luxemburgo, o domingo”, anunciou o ministro belga de Finanzas, Didier Reynders, á saída da reunión extraordinaria... ● [“Greve xeral contra austeridade paralisa a Grécia”. 15/06/11]

...DUN IRMANDIÑO: raulasegurado.wordpress.com

ALTERMUNDO



Diálogo, unidade e hexemonía

[...] Toda unidade política hoxendía está baseada nunha falsidade, a negación da diversidade e aceptación da unanimidade. E iso se transpira en case que todas as organizacións políticas cunha baixísima capacidade de permeabilidade cara a cidadanía e aos movementos sociais. Moi poucas veces o diálogo é usado como ferramenta de traballo antes da toma de posturas coletivas por parte dunha organización política, ir ao diálogo é en primeiro termo ir ao encontro dos que non son coma eu, e en último termo o respecto absoluto pola diversidade... ● [Raúl Asegurado, 14/05/11]

ADEGA: www.adega.info

MI818



Nova ferramenta de demolición de Feijóo

[...] Como é posíbel que a acuicultura industrial en terra, actividade que “lamina” o territorio e inxecta grandes cantidades de contaminantes no medio acuático, vaia ser declarada compatíbel por decreto cos espazos de maior valor ecolóxico do país? Como entender que a Xunta dea carta branca a Pescanova e Stolt para instalarse onde queiran mentres establece limitacións a veciños, propietarios e pequenos produtores? Con esta norma, ningún espazo costeiro estará libre das gadoupas da patronal acuícola... ● [“Plano Director da Rede Natura: a nova ferramenta de demolición de Feijóo”. 14/06/11]